



A dixestibilidade coma un dos alicerces fundamentais na calidade das nosas forraxes

Que nos atopamos cando analizamos distintas forraxeiras en canto a dixestibilidades? Neste estudo avaliamos co fin de orientar os produtores para unha adecuada elección de variedades e obter así os mellores resultados para alimentación das nosas vacas.

María Hermida
Rock River Laboratory Spain

O mercado ofrécenos infinidade de variedades comerciais na época de sementeira das nosas forraxeiras e cada unha delas virá

acompañada dunha serie de características:

- **Duración:** un ou varios anos
- **Producción de leite:** alta, moi alta
- **Resistencia á roya:** alta, moi alta
- **Indicada para:** pastoreo, ensilado
- **Dose de sementeira:** kg/ha

Non obstante, nalgún momento faláronnos de dixestibilidade desa fo-

rraxe. Pode que nos indicasen igual que nos outros factores: alta ou moi alta.

ANÁLISE DAS DISTINTAS FORRAXEIRAS EN CANTO Á DIXESTIBILIDADE


Segundo se reflicte a partir das cinco gráficas que recolleemos neste apartado, a mostra 1 ás 30 horas alcanza a dixestibilidade obxectivo, a mostra 2 excede algo o obxectivo e a mostra 3 ás 30 horas roza o mínimo. Pola súa banda, a mostra 4 só ten un 28 %, polo que non chega ao valor mínimo; por último, a mostra 5 é intermedia, por riba do valor mínimo e por baixo do obxectivo. A resposta nos nosos animais vai ser moi diferente coa utilización de cada unha delas.

En consecuencia, debemos partir daquela variedade que xeneticamente achegue unha boa dixestibilidade e nós buscar o momento óptimo de corte para que o resultado final sexa o noso obxectivo exposto.




► DEBEMOS BUSCAR O MOMENTO ÓPTIMO DE CORTE PARA QUE O RESULTADO FINAL SEXA O NOSO OBXECTIVO EXPOSTO


Mostra 2. Curva de dixestión FDN (2)




Mostra 4. Curva de dixestión FDN (4)




Mostra 1. Curva de dixestión FDN (1)



Mostra 3. Curva de dixestión FDN (3)



Mostra 5. Curva de dixestión FDN (5)



Activador Bioprana

Tratamiento de purines por medio de la aplicación de microorganismos eficientes que aceleran su degradación.

- Reducción de malos olores (reducción de hasta un 90% de metano y óxido nitroso).
- Disminuye el tiempo de agitado de las fosas.
- Fosas e instalaciones con menos presencia de larvas, moscas e insectos.
- Reduce las poblaciones de patógenos ambientales potencialmente peligrosos para los animales.
- Aumenta la microbiología del suelo mejorando la fertilidad.
- Incrementa la cantidad y la calidad de los cultivos (incrementos en proteína bruta, digestibilidad, peso seco de raíces...).

Le asesoramos sobre el producto y su aplicación.

Para más información técnica puede contactarnos en:

Tel. 886 310 031

M. 629 607 006

E. frey@biopranaworld.com



bioprana

Y síguenos en:

facebook.com/Biopranaworld


www.biopranaworld.com

Táboa 1. Guía de Rock River para dixestibilidade de FND en forraxeiras a distintas horas

	sFDND 24 h			sFDND 30 h			sFDND 48 h		
	Obxectivo	Media	Mínimo	Obxectivo	Media	Mínimo	Obxectivo	Media	Mínimo
Alfalfa (herba seca ou silo)	39,1	32,4	26,1	44,1	37,1	30,3	58,7	51,8	45,1
Mestura de forraxeiras	37,2	29,9	22,8	44,6	36,4	27,4	62,8	54,2	45,6

► O CONCEPTO DE VALOR RELATIVO DE FORRAXE QUÍMICA É UN BO INDICADOR DA CALIDADE DA NOSA FORRAXE PORQUE É CALCULADO A PARTIR DE VARIOS PARÁMETROS IMPORTANTES

Táboa 2. Valores de azúcre solubles en distintas mostras de forraxeiras que pasaron o proceso de fermentación de catro explotacións diferentes



A importancia de contido en azucre

Outro aspecto importante na elección da nosa variedade de forraxeiras é o seu contido en azúcre. A avaliación dos azúcre contidos nas forraxes é fundamental porque é a primeira fonte de enerxía dispoñible para os microorganismos do rume e cunha taxa de degradación neste de polo menos 20 veces máis alta que a do amidón. Un bo contido en azúcre nas forraxes mellora a inxestión, a eficiencia do uso da proteína polos microorganismos do rume e, por tanto, a síntese microbiana. Ademais, un elevado contido na forraxe fresca é esencial para a calidade de conservación (táboa 1).

O contido de azúcre solubles varía moito mesmo dentro das mostras da mesma explotación como pode verse no gráfico; neste caso temos valores medios entre 3 -6, pero tamén para unha explotación que alcanza valores entre 10-15 nalgúns mostras. Deberíamos darlle máis importancia ao nivel de azúcre das nosas forraxes e telos en conta á hora de seleccionar a variedade de sementeira.

O valor relativo de forraxe química

Así mesmo, a calidade dunha forraxe tamén está avaliada por un novo concepto, o valor relativo de forraxe química (RFQ) fronte ao tradicional como valor relativo de forraxe (RFV).

Figura 1. Valor relativo de forraxe (RFV)





Figura 2. Valor relativo á forraxe química (RFQ)



CONCLUSIÓNS

1. Nas nosas forraxeiras é moi importante ter presente o valor de dixestibilidade da fibra neutro deterxente co obxectivo de cultivar unha forraxe de calidade.
2. Debemos valorar o contido en azúcre da variedade elixida, pois contribuírá a unha forraxe de calidade e influirá na súa palatabilidade a condición de que a coidemos.
3. O concepto de valor relativo de forraxe química é un bo indicador da calidade da nosa forraxe porque é calculado a partir de varios parámetros importantes. ■

CALIZA AGRÍCOLA CALIZA MAGNESIANA

O millo e as praderías precisan de pH próximos á neutralidade. Tanto a caliza agrícola coma a magnesiana que ofrece Calfensa axudan a corrixir a acidez dos nosos solos, evitando a toxicidade do aluminio e favorecendo a asimilación do fósforo. Así mesmo, melloran a súa estrutura, aumentando a aireación e a drenaxe.

A caliza de Calfensa provén de calcita que, unha vez moída, é de efecto máis rápido que a proveniente de dolomita.

Grazas á finura de moenda coa que traballa Calfensa, os seus produtos son altamente solubles. Rápida acción facilmente superable por outras calizas menos moídas ou granuladas.

A diferenza do cal vivo, a caliza de Calfensa non é agresiva, non produce queimaduras, o que facilita a súa manipulación, sendo, do mesmo xeito, respectuosa cos microorganismos beneficiosos do solo.

Dado que se trata dun produto extraído directamente da terra, non produce efectos negativos para o medio, sendo recoñecido polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica.

AENOR certifica os sistemas de Xestión de Calidade, Medio Ambiente e Seguridade e Saúde no Traballo de Calfensa.

CALIZA AGRÍCOLA NOVO SISTEMA DE ESTENDIDO CALIZA MAGNESIANA



a calfensa

a caliza da túa terra®

Novo produto granulado

Corrección de pH e aporte de Magnesio



MODALIDADES DE SERVIZO



APLICADO SOBRE O TERREO



A GRANEL



SACO DE 25 KG



BIG BAG DE 1.000 KG

Ctra. Lugo - Sarria LU-546 km 2 · 27161 Santa Comba (LUGO)
info@calfensa.com · www.calfensa.com

982 305 902



Certificación Intereco para:
Caliza Agrícola e
Caliza Magnesiana

